

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 24 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013.

A Consellería do Medio Rural e do Mar publicou o 29 de decembro de 2009 a orde pola que se estableceron as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013. Posteriormente o 4 de xaneiro de 2012 publicouse a Orde do 27 de decembro de 2011 pola que se modificaron esas bases reguladoras, e se convocaron estas axudas para o ano 2012.

Estas axudas convócanse amparadas no disposto no Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013 (PDR), e estes servizos deberán seguir sendo prestados polas entidades de asesoramento durante todo o período comprendido no 2007-2013, de acordo co indicado no devandito PDR. Por outra banda no pasado ano 2012 fíxose unha modificación da ficha desta medida no PDR de Galicia 2007-2013, establecendo ata cinco o número máximo de servizos de asesoramento completo subvencionados aos titulares de explotacións agrarias durante o período 2007-2013.

Dada a experiencia na tramitación destas axudas nas convocatorias anteriores, así como a modificación feita na ficha desta medida no PDR de Galicia, cómpre publicar unhas novas bases reguladoras e realizar a convocatoria correspondente ao ano 2013.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias e con-



vocalas para o ano 2013, segundo o disposto nos artigos 20, letra a), inciso iv) e 24 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 de Feader, e no artigo 15 e anexo II punto 5.3.1.1.4 do Regulamento 1974/2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior regulamento, e nos que se prevén axudas destinadas a agricultores para faceren fronte aos custos de utilización de servizos de asesoramento destinados a mellorar o rendemento global da explotación.

Sección 1ª. Bases reguladoras para a concesión das axudas á utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias

Artigo 2. Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas que accedan de xeito voluntario aos servizos de asesoramento e que cumpran as seguintes condicións:

1. Ser persoa titular dunha explotación agraria situada no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos casos en que unha explotación estea integrada parcialmente por elementos territoriais situados noutra comunidade autónoma, considerarase dentro do ámbito de aplicación desta orde cando a maior parte da súa base territorial estea situada na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Acreditar o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co artigo 10 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano concedente para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

3. Cumprir os requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



4. Acollese aos servizos de asesoramento prestados por entidades inscritas e recoñecidas no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega), creado polo Decreto 235/2007, do 29 de novembro de 2007.

Artigo 3. Axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes de asesoramento

1. Poderán concederse axudas ás persoas titulares de explotacións demandantes do servizo de asesoramento para sufragar os gastos, en concepto de honorarios, orixinaados polos servizos prestados por entidades que estean inscritas e recoñecidas debidamente.

2. De acordo co artigo 24 do Regulamento (CE) 1698/2005, o asesoramento demandado polas persoas titulares de explotacións agrarias deberá comprender, como mínimo, e no que resulte de aplicación á súa explotación, os seguintes ámbitos:

– Os referidos no capítulo 1 do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) 1782/2003. Os requisitos mínimos de boas condicións agrarias e ambientais son os regulados polo Real decreto 486/2009, do 3 de abril. Estes ámbitos están tamén regulados no Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural, e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca da viña.

– As normas relativas á seguridade laboral derivadas da normativa comunitaria.

– No caso das persoas agricultoras mozas as relacionadas co inicio da súa actividade.

3. Ademais das materias de obrigado asesoramento, as persoas titulares de explotacións agrarias poderán solicitar asesoramento ás entidades recoñecidas noutros ámbitos citados no artigo 3 do Decreto 235/2007 e, con carácter xeral, noutras materias, co fin de



acadar un asesoramento integral, incluído o asesoramento relativo á posta en marcha do contrato de explotación sustentable, así como asesoramento sobre cambio climático, enerxías renovables, xestión da auga, biodiversidade, e sobre a reestruturación do sector leiteiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 74/2009 do Consello, polo que se modifica o Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

4. O importe desta axuda será de ata 640 euros cando a explotación estea cualificada como prioritaria, ao abeiro do disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e de ata 480 euros nos demais casos.

5. O importe da axuda prevista no número anterior poderá incrementarse ata un 15 % cando a explotación estea situada en zona desfavorecida ou en zona de Natura 2000. Para estes efectos, considerarase que cumpre esta última condición cando o 20 % da superficie declarada na solicitude única da persoa titular da explotación estea incluído na dita zona.

6. A axuda resultante da aplicación dos números 5 e 6 poderá incrementarse nun 50 % no caso de que a persoa solicitante teña solicitado o contrato de explotación sustentable (CES) de acordo coa orde reguladora deste. Neste caso, o pagamento desa porcentaxe exixirá que a resolución aprobatoria do CES sexa anterior á data de xustificación dos gastos das axudas a que fai referencia esta orde.

7. A axuda limitarase ao máximo do 80 % do custo subvencionable por servizo de asesoramento completo, establecido no anexo do Regulamento (CE) 1698/2005.

8. Para os efectos do cálculo da axuda, non serán admisibles orzamentos cun custo elixible inferior a 250 euros. Os custos unitarios máximos que se aplicarán ás actuacións elixibles son os que se recollen no anexo VII.

9. As persoas titulares de explotacións demandantes de asesoramento non poderán recibir axuda para máis de 5 servizos de asesoramento completo durante o período 2007-2013.

Para os efectos desta orde entenderase como:

– Servizo de asesoramento completo o conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria por unha entidade de asesoramento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega), durante o período com-



prendido entre a data de presentación da solicitude, sempre e cando se ditase resolución aprobatoria da axuda sobre ese servizo, e o prazo máximo de xustificación da axuda para os novos solicitantes. Nos casos en que un beneficiario presentase solicitude de axuda na convocatoria anterior, o servizo de asesoramento completo irá desde a fin de prazo de xustificación da convocatoria 2012 e o prazo máximo de xustificación da convocatoria 2013. Estas actuacións incluírán sempre as materias de obrigado cumprimento indicadas no artigo 3, número 2, e as indicadas no número 3 se así o solicitaren as persoas titulares de explotacións agrarias.

Sección 2ª. Procedemento de concesión das axudas

Artigo 4. Solicitude

Os interesados en accederen ás axudas previstas nesta orde deberán presentar unha única solicitude, que incluírá os seguintes documentos:

a) Solicitude, axustada ao modelo normalizado que figura como anexo I da orde, debidamente cuberta.

b) Fotocopia do NIF das persoas físicas (só no caso de non autorizar a consulta de datos no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia) ou NIF das persoas xurídicas.

c) Orzamento do servizo contratado asinado por un técnico da entidade de asesoramento inscrita no Resaxega. O orzamento deberá indicar os conceptos incluídos no servizo, como visitas á explotación, consultas en oficina, consultas telefónicas, elaboración de informes, actas, anotacións do caderno de explotación etc., indicando o número de actuacións previstas ao longo do servizo, o obxecto da actuación, as unidades ou horas que lle corresponden, o seu valor e o custo final. Ademais, no orzamento figurarán separadas as operacións de asesoramento sobre os novos retos das do resto de operacións.

d) Para os efectos da baremación establecida no artigo 5.2.k), achegarse certificación da entidade responsable do programa de calidade dos alimentos en que participe.

e) No caso de que a persoa titular sexa unha entidade asociativa, para a xustificación do cumprimento do referido no artigo 5.2.i) e j), deberase acreditar cunha certificación do seu representante en que conste o nome das persoas socias, o sexo e a data de nacemento.



f) Así mesmo, cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens ou sociedade civil poderá resultar beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo V desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario correspondan á agrupación, que non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada lei.

g) Tamén coa solicitude de axuda as persoas solicitantes xuntarán unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas (anexo III).

Artigo 5. *Criterios de prioridade*

1. A concesión de axudas axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, segundo o artigo 5.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As axudas previstas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva, en función das dispoñibilidades orzamentarias, das porcentaxes de axuda e das solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos nela, e clasifícanse en función dos seguintes criterios referidos á persoa titular e á explotación, coa seguinte puntuación máxima por criterio:

a) Persoa titular de explotación que obteña a concesión de axudas do contrato de explotación sustentable coa Consellería do Medio Rural e do Mar: 8 puntos.

b) Persoa titular de explotación que solicitase asesoramento vinculado aos novos retos: 8 puntos.

c) Persoa titular de explotación cualificada como prioritaria de acordo coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias: 5 puntos.

d) Persoa titular de explotación que recibise a axuda á utilización dos servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias nos últimos dous exercicios: 1 punto.



e) Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á modernización de explotacións agrarias (plan de mellora) nos últimos cinco anos: 2 puntos.

f) Persoa titular de explotación beneficiaria dunha axuda á incorporación de persoas mozas á actividade agraria nos últimos cinco anos: 2 puntos.

g) Persoa titular de explotación localizada en zona desfavorecida nos termos previstos nos artigos 36 a) (i) e (ii) e 37 do Regulamento (CE) nº 1698/2005, ou en zona Natura 2000: 4 puntos.

h) Persoa titular de explotación que sexa muller. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50 % das persoas socias que a integran sexan mulleres: 4 puntos.

i) Persoa titular de explotación que sexa agricultor/a mozo ou moza. No caso de explotacións asociativas, cando polo menos o 50 % das persoas socias que a integran o sexan: 4 puntos.

j) Persoa titular de explotación de carácter asociativo ou cooperativo: 2 puntos.

k) Persoa titular de explotación que participe en programas de calidade dos alimentos ou explotación ecolóxica: 3 puntos.

3. No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de persoas beneficiarias, aprobaranse as axudas en función da puntuación considerando que, de manterse a igualdade, terá preferencia a persoa que solicitase axuda nos últimos dous exercicios.

Artigo 6. *Tramitación e resolución*

1. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, se non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días subsane os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.



3. A resolución dos expedientes corresponderalle á conselleira de Medio Rural e do Mar por proposta da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, logo da avaliación das solicitudes polo órgano colexiado, que estará presidido polo subdirector xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias e integrado por tres funcionarios desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario.

4. O prazo para resolver e notificar as subvencións será de 6 meses segundo o previsto na Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e sempre antes do 31 de decembro. Se transcorrese o citado prazo máximo sen se ditar resolución expresa por parte do órgano competente, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativo de reposición e contencioso-administrativo.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de conformidade co establecido no artigo 59.6 b) da indicada lei, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación, e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal deben presentarse e o prazo para interpoñelos.

5. Na resolución de concesión indícarase o importe da axuda e as condicións para a súa execución. Así mesmo, indícarase nesa resolución que a operación se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, do eixe 1.

Artigo 7. *Xustificación dos gastos e pagamento das axudas*

1. Só serán auxiliares os servizos que se realicen desde o fin do prazo da presentación da xustificación das axudas da convocatoria de 2012, para aqueles beneficiarios que presentaron solicitude de axuda na dita convocatoria, sempre e cando se dite resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos servizos. Para os novos solicitantes serán auxiliares os servizos que se realicen desde a data de presentación da solicitude de axuda da convocatoria 2013, sempre e cando se dite resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos servizos. A estes efectos, terase en conta o punto 16 do artigo 3 do Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco



dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), polo cal poden ser considerados como subvencionables os honorarios técnicos anteriores á data de solicitude de axuda, sempre e cando así se estableza nas correspondentes bases reguladoras.

2. Unha vez realizados os servizos e cumpridos, de ser o caso, os compromisos adquiridos, a persoa beneficiaria deberá comunicalo, por escrito, nunha solicitude de pagamento (anexo IV), preferentemente nos rexistros das oficinas agrarias comarcais, ata o 30 de setembro de 2014, presentando tamén a documentación e os xustificantes dos servizos de asesoramento recibido, de acordo cos puntos 3, 4 e 5 deste artigo. O beneficiario deberá dispor dunha contabilidade específica Feader ou dun código contable axeitado, no cal deben estar incluídos os gastos declarados para a presente axuda.

Os xustificantes dos gastos auxiliares da solicitude de pagamento consistirán de forma xeral nas facturas orixinais acreditativas do servizo, que deberán cumprir as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro) e serán dilixenciados pola Administración, co texto «cofinanciado con fondos comunitarios».

3. Estes xustificantes virán acompañados do documento que verifique o pagamento efectivo co xustificante bancario do pagamento debidamente selado pola entidade, o cal pode ser un xustificante de transferencia bancaria, un xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo ou unha certificación bancaria. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto) na cal conste que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria, dentro do prazo para a xustificación da axuda.

4. Os gastos auxiliares non poderán ter, en ningún caso, relación directa ou indirecta coa venda de produtos ou prestación de servizos alleos ao propio servizo de asesoramento, e deberán suxeitarse ao establecido no Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

5. Xunto coa anterior xustificación de gastos, nesa solicitude de pagamento achegarase tamén certificación emitida pola entidade que presta o servizo (anexo VI) na cal se especifiquen as materias e medidas obxecto de asesoramento, e que incluirán, cando menos, os



ámbitos definidos no artigo 24 do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Feader, así como tamén, e só no caso de seren elixibles, figurarán desagregadas as operacións de asesoramento sobre os novos retos das do resto de operacións.

6. Na solicitude de pagamento só se admitirán facturas dunha única entidade de asesoramento. Estas terán que estar emitidas con anterioridade á realización do pagamento e, en todo caso, emitidas e pagadas dentro do prazo de realización do servizo de asesoramento.

Artigo 8. Compromisos dos beneficiarios das axudas e das entidades de asesoramento

1. Para aqueles casos en que poidan xurdir modificacións na relación entre o solicitante e a entidade de asesoramento, os beneficiarios das axudas poderán cambiar a entidade de asesoramento, cambio que se deberá realizar sempre con anterioridade ao comezo do servizo de asesoramento pola entidade que elaborou o orzamento aprobado, e como límite máximo a data de aprobación da axuda. Estes cambios deberán ser comunicados por escrito indicando os motivos por que se solicita o dito cambio e achegando os orzamentos da nova entidade. Os ditos cambios, para seren efectivos, deberán ser autorizados polo Servizo de Explotacións Agrarias.

2. Cando se produza un cambio de titularidade da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, e sempre que na solicitude de cambio de titularidade se produza a subrogación dos compromisos adquiridos na concesión da axuda, a Administración procederá a resolver a dita subrogación. Desde o momento en que se produza o dito cambio de titularidade, os documentos xustificativos da realización da axuda estarán a nome do novo titular da explotación.

3. A persoa titular da explotación agraria deberá comunicar a súa renuncia á solicitude da axuda sempre con anterioridade á resolución de concesión da axuda.

Artigo 9. Seguimento e control da concorrencia e acumulación de axudas

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda destinada ao mesmo fin.

2. De acordo co que se establece na letra g) do artigo 4, as persoas solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas (anexo III).



3. Así mesmo, e previamente ao pagamento final, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (anexo III), tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 10. *Obriga de facilitar información*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural e do Mar, as persoas beneficiarias das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Por outra banda, tamén o beneficiario deberá dispoñer dunha contabilidade específica Feader ou dun código contable específico, no cal deben estar incluídos os gastos declarados para a presente axuda.

Artigo 11 *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, sempre que non exceda o prazo establecido para a realización da actividade.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión sempre que non exceda o prazo establecido para a realización da actividade, por instancia da persoa beneficiaria, sempre que cumpra as condicións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto non se opoña á citada Lei 9/2007.

Artigo 12. *Reintegro das axudas*

1. De acordo co Regulamento (UE) nº 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011 (DOUE L 25/8 do 28 de xaneiro), modificado polo Regulamento de execución



(UE) nº 937/2012 da Comisión, do 12 de outubro de 2012, procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

2. Así mesmo, procederáse ao reintegro da axuda no suposto de que a persoa titular da explotación colabore na obtención irregular dunha axuda para a implantación de servizos de xestión e asesoramento por parte da entidade que lle presta eses servizos, de acordo co terceiro parágrafo do artigo 8 do Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

Artigo 13. *Recursos administrativos*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou na respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 14. *Controis, reducións, exclusións e sancións*

1. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria será a responsable de efectuar as actuacións necesarias tendentes á realización tanto dos controis administrativos das solicitudes de axuda e de pagamento como dos controis sobre o terreo, para verificar o cumprimento polos beneficiarios dos compromisos e obrigas que asumisen, todo isto sen prexuízo dos controis que deban realizar outras unidades con base no disposto na regulamentación aplicable a esta medida.



2. Os perceptores das axudas reguladas na presente orde quedan suxeitos ás disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento (CE) 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1290/2005 e estarán sometidos ao control e verificación da Comisión Europea, da Intervención Xeral da Administración do Estado, e do Tribunal de Contas, así como dos órganos fiscalizadores das comunidades autónomas.

3. Todas as obrigas e compromisos derivados desta orde estarán sometidas a control segundo o plan de controis establecido.

4. En función do resultado dos controis administrativos e dos controis sobre o terreo estableceranse, para cada un dos pagamentos que teñan que realizarse, as súas condicións, tendo en conta o indicado no Regulamento (UE) n° 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

5. Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o Regulamento (UE) n° 65/2011, en particular o establecido no seu artigo 30. No caso de que se constate que unha persoa beneficiaria fixo deliberadamente unha declaración falsa, revogárase a axuda concedida e deberá reintegrar, se é o caso, as contías percibidas xunto cos xuros de demora producidos desde o seu pagamento. Ademais, quedará excluída das axudas reguladas nesta orde nas dúas convocatorias seguintes. Así mesmo, será aplicable o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todo o anterior é sen prexuízo das sancións a que puiden dar lugar en aplicación da lexislación vixente en materia de axudas.

Sección 3ª. Convocatoria 2013

Artigo 15. Convocatoria

Convócanse para o exercicio orzamentario 2013 as axudas para a utilización dos servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias regulamentadas pola presente orde. Os impresos de solicitude así como a documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas, serán as establecidas nesta orde.

Artigo 16. Prazo e lugar de presentación das solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. A presentación da solicitude de axuda poderá realizarse de xeito presencial segundo o previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, preferentemente nos rexistros das oficinas agrarias comarcais, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo I, que estarán á disposición dos interesados nas mencionadas oficinas. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida no anexo II desta orde. A solicitude poderá presentarse tamén electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es>. Neste caso a documentación que debe ir xunto coa solicitude poderá anexarse mediante arquivos informáticos, que o solicitante deberá obter como copias dixitalizadas a partir dos documentos orixinais, garantindo e responsabilizándose el mesmo da fidelidade co orixinal co emprego da sinatura electrónica, todo iso de conformidade co disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 17. *Financiamento das axudas*

1. As axudas reguladas nesta orde estarán financiadas do xeito seguinte:

Aplicación orzamentaria 712B.772.4 C.P. 200700407, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal existe crédito adecuado.

Importe para o ano 2013: 100.000 euros (cen mil euros).

Importe para o ano 2014: 600.000 euros (seiscentos mil euros).

2. A dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da comunidade autónoma, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Disposición adicional primeira. *Publicidade das axudas*

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e para a súa publicación na citada páxina web, así como tamén se procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposición adicional segunda

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no establecido no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do 25 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader e regulamentos que o desenvolven, así como tamén no Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2013

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS Á UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE ACONSELLAMENTO POR PERSOAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDMENTO MR624A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DA EXPLOTACIÓN		
CEA	OFICINA AGRARIA COMARCAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>


PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN		
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PERSOA COTITULAR/CÓNXUXE/REPRESENTANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENTIDADE QUE PRESTA O SERVIZO DE ACONSELLAMENTO Á EXPLOTACIÓN	
NOME DA ENTIDADE	Nº REXISTRO RESAXEGA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO	
<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS			
NOME DA ENTIDADE	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>




Unión Europea
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
Europa invierte en las zonas rurales

CVE-DOG: 07kuazz1-v5d5-qpl2-psc6-mq83tdjr0uu5



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

Autorizo a Consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso deberase presentar copia cotexada do NIF)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 24 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013.

SINATURA DA PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN OU A PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

 , de de Servizo de Explotacións Agrarias. Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar de **XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Copia do NIF da persoa titular da explotación (se procede).
- Copia do NIF da persoa representante legal (se procede).
- No caso de ser unha sociedade, copia do acordo onde se nomea a persoa representante legal.
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto segundo o anexo III.
- No caso de ser unha sociedade, certificación da relación de socios en que se inclúa a data de nacemento e o sexo.
- Orzamento do servizo contratado (de acordo co artigo 4.c) das bases da convocatoria).
- Certificación da entidade que presta os servizos, para o cómputo do incremento na axuda referido no artigo 3.7 das bases (se procede).
- Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens ou sociedade civil, anexo V.
- Outra documentación achegada (relaciónese):





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO III

DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO OBXECTO

PERSONA TITULAR DA EXPLOTACIÓN

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL

NIF

DOMICILIO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARO:


- Que non solicitei e/ou non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existiren outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e/ou se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

SIGNATURA DA PERSONA TITULAR DA EXPLOTACIÓN OU PERSONA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

